

PRÓRROGA E ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN ADMINISTRATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS NO LABORATORIO OFICIAL DE METROLOXÍA DE GALICIA (LOMG).

REÚNENSE: (asinado electronicamente o 13/10/2025)

Dunha parte, _____, Conselleira de Economía e Industria, en virtude das competencias que lle son recoñecidas polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento (DOG núm. 73 do 14.04.2024), actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, _____, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117 do 20.06.2022), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG núm. 38 do 22.02.2019).

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente acordo de prórroga e addenda ao convenio de cooperación educativa e

EXPOÑEN:

PRIMEIRO. Que o 29.10.2021 asinouse o Convenio de cooperación educativa entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas no Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (LOMG), con vixencia de catro anos, é dicir ata o 28.10.2025.

Na actualidade as actuacións obxecto do presente convenio pasaron da extinguida Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a ser competencia da actual Consellería de Economía e Industria.

Que o interese de ambas as entidades é facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas das empresas e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

SEGUNDO. Que a cláusula DÉCIMO PRIMEIRA, apartado 1 establece que:

"Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e

terá unha duración de 4 anos.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público."

TERCEIRO. Que a cláusula SÉTIMA establece que:

"Segundo a Resolución da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, do 25 de marzo de 1999, as prácticas en empresas que realicen as e os estudantes estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que o alumnado estea matriculado e ao corrente do pago do citado seguro.

A Universidade de Vigo ten subscrito ademais un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, complementarios ao seguro escolar.

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas, rexerase polo establecido no R.D. 1493/2011 de 24 de outubro e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Conforme as obrigacións contempladas na disposición adicional quinta do Real Decreto lei 28/2018, de 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, dado que aínda non se produciu o desenvolvemento regulamentario para a súa efectiva aplicación ambas partes comprométense a asinar unha addenda no momento en que o referido desenvolvemento regulamentario entre en vigor, na que se contemplan as obrigacións das partes para dar cumprimento á normativa de desenvolvemento do citado Real Decreto lei; en caso contrario, darase por extinguido o convenio".

CUARTO. Que a cláusula QUINTA, apartado 1 e 2 establece que:

"O programa de prácticas académicas desenvolverase conforme os seguintes termos:

- 1. A duración das prácticas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.*
- 2. A duración das prácticas externas extracurriculares axustarase á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade de Vigo."*

QUINTO. Cambio normativo

A disposición adicional quinta da Real Decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, á que

se fai referencia na cláusula SÉTIMA do convenio, derrogouse polo Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións.

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, á que se fai referencia na cláusula QUINTA do convenio, derrogouse polo Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

O Real Decreto-Lei 2/2023, de 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, no seu artigo único. 34 realiza a Modificación do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, introducindo unha Disposición adicional quincuaxésima segunda. (Inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación), a cal na letra b do punto 4 recolle que:

“No caso das prácticas formativas non remuneradas, o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolven aqueles, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización se dispoña que tales obrigacións corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa. Quen asuma a condición de empresario deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que facilite o centro onde se realice a práctica formativa”

QUINTO. Regulación de prácticas académicas externas

Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a), a posibilidade de que o alumnado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realice prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

Que o Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

O Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade,

regula no seu Artigo 11 as prácticas académicas externas, e establece no caso de que o plan de estudos incorpore a realización de prácticas académicas externas curriculares, no seu artigo 14.5. a súa extensión.

Considerando todo isto, os aquí comparecentes

ACORDAN

PRIMEIRO. PRÓRROGA DO CONVENIO

Acordan por unanimidade a prórroga do convenio por un período máximo de catro anos.

SEGUNDO. DAS OBRIGACIÓNS DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA

Acordan que as **obrigacións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudiantado que realice prácticas académicas externas curriculares non remuneradas corresponderán á Universidade de Vigo**, como centro de formación responsable da oferta formativa; de conforme establecido na Disposición adicional quincuaxésima segunda do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

TERCEIRO. NÚMERO DE PRAZAS DE PRÁCTICAS

O número de prazas que se convoquen para realizar as prácticas determinarao a Comisión de Seguimento recollida na cláusula décima deste convenio, e concretarase nas convocatorias que faga a Universidade de Vigo.

CUARTO. RELACIÓN ENTRE AO LOMG E O ALUMNADO EN PRÁCTICAS

1. A realización das prácticas non supón en ningún caso o establecemento dun vínculo laboral entre o alumnado e o LOMG, que non poderán subscribir ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación recollidas na normativa laboral. Se o/a estudante se incorpora ao LOMG, despois de superar un proceso selectivo na Administración Pública ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non computará para os efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba.

2. A realización das prácticas non implica dotación económica obrigatoria por parte do LOMG. Excluíndose do ámbito do presente convenio as prácticas académicas externas extracurriculares ou remuneradas.

QUINTO.- EFICACIA DA PRESENTE ADDENDA

En todo o non modificado pola presente addenda, seguirá en vigor o disposto no convenio de colaboración asinado o 29 de outubro de 2021.

SEXTO.- PUBLICIDADE E REXISTRO DA ADDENDA. CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS.

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo, procederase á inscrición da addenda no Rexistro de convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, tendo lida a presente addenda ao convenio e, en proba da súa conformidade e no exercicio das atribucións de que son titulares, as partes comparecentes asinan dixitalmente o presente acordo na data que figura na marxe.

Pola Consellería de Economía e Industria O reitor da Universidade de Vigo